

CESGA - Descrición

- Actualizado (01.12.2005)

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é o centro de cálculo, comunicacións de altas prestacións e servizos avanzados da Comunidade Científica Galega, sistema académico universitario e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (C.S.I.C.).

O CESGA leva a cabo as súas accións ao través de dous institucións:

-

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA). Inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 2002/12, C.I.F., G-15852981.

-

Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (S.A.X. CESGA). Inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, tomo 1.289, sección xeral, folio 55, folia nº C-7523, inscrición 1ª, C.I.F.A-15420599.

Consulte aquí os informes anuais de xestión da Sociedade.

A Fundación CESGA é unha institución sen ánimo de lucro. Os membros do padroado pertencen á Xunta de Galicia e ao CSIC.

A S.A.X. CESGA constitúese como unha Sociedade Anónima de Xestión na que participan a Xunta de Galicia, cun 70% do capital, e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (C.S.I.C.), cun 30%.

A S.A.X. CESGA xorde do compromiso da Xunta de Galicia de promover servizos comúns de apoio ás tarefas de investigación, e por outra banda, do interese do "Consejo Superior de Investigaciones Científicas" por promocionar en Galicia un contorno de traballo na área do cálculo intensivo, comunicacións e servizos avanzados na sociedade da información e o coñecemento.

MISION E FUNCIONS

FUNDACIÓN CESGA:

Misión: Fomentar, difundir, prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do CSIC, así como, a aquelas empresas ou institucións que o soliciten e deste xeito, contribuir mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación, á mellora da competitividade das empresas.

Funcions máis significativas:

-

Proporcionar servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas á comunidade de usuarios.

-

Xestionar a "Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia".

-

Fomentar e Promocionar a cooperación entre empresas e institucións.

S.A.X. CESGA:

Misión: Promover servizos comúns de apoio á investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións, en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC.

Para elo a S.A.X. CESGA promoverá accións tendentes á innovación e mellora na prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas así como actividades encamiñadas a favorecer solucións no campo da sociedade do coñecemento.

Funcións máis significativas:

- Promover e difundir o uso de tecnoloxías de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas
- Promover e difundir o uso de tecnoloxías relacionadas coa sociedade do coñecemento incluíndo: comercio electrónico, e-learning e sistemas de información xeográfica.